



CONSENTIMENTO INFORMADO ELECTROMIOGRAFÍA LARÍNXEA

Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigacións en materia de información e documentación clínica (versión consolidada)
Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (versión consolidada)

D/Dna:		maior de idade, con DNI:	
Veciño/a de:	Rúa:	Nº:	
Teléfono:			

MANIFESTO:

Que fun informado/a polo médico/a, _____ en data _____ e que me foi entregada a información do procedemento e igualmente dos beneficios que esperan e do tipo de riscos que comporta a súa realización (complicacións máis frecuentes) e a súa non realización, así como das posibles alternativas segundo os medios asistenciais deste Centro.

Comprendín toda a información que se me proporcionou e as miñas dúbidas foron aclaradas satisfactoriamente.

CONSINTO:

Aos facultativos a que me practiquen o procedemento mencionado e descrito no reverso e as probas complementarias necesarias. Son coñecedor/a de que en caso de urxencia ou por causas imprevistas poderán realizarse as actuacións médicas necesarias para manterme con vida ou evitarme un dano.

Sei que en calquera momento podo revogar o meu consentimento.

Asino en: Ferrol a _____

No caso de ter de 12 a 16 anos ten que ser escoitada a opinión do menor

PERSOA AUTORIZADA	PACIENTE	FACULTATIVO
	Asinará en caso de maior de 16 anos	

Por incapacidade ou renuncia á toma de decisión: **persoa que autoriza** (familiar ou titor legal)

D./Dna. _____

DNI _____ en calidade de _____

O día _____ decidín **REVOGAR** o consentimento para a realización do procedemento referido neste documento.

Firma paciente
(ou persoa autorizada)

Firma testemuña

Firma facultativo

Data: _____



Este procedemento é realizado polo equipo de Neurofisioloxía Clínica, en colaboración co de Otorrinolaringoloxía.

Este documento ten como obxectivo explicar de maneira clara e sinxela en que consiste a proba chamada **ELECTROMIOGRAFÍA LARÍNEXA**, ademais de informar sobre os cuidados posteriores e as posibles complicacións que poden xurdir como consecuencia deste estudo.

1. PROCEDEMENTO

Que é a electromiografía larínxea?

A **electromiografía larínxea** é un estudo diagnóstico que permite avaliar o funcionamento dos músculos da larinxe e dos nervios que os controlan, mediante o rexistro da súa actividade eléctrica.

Como se realiza a Electromiografía Larínxea?

O procedemento realízase en consulta utilizando **electrodos de agulla** concéntrica, que se introducen a través da pel ata alcanzar o músculo que se desexa estudar. Os electrodos adoitan ser pequenas agullas desbotables de calibre fino. A sensación adoita describirse como unha picada ou presión na zona da gorxa.

Non se precisa anestesia xeral e non é necesario que o paciente estea en xaxún.

Durante a proba, rexístrase a actividade eléctrica muscular e, nalgúns casos, pódese estimular a zona con **electrodos de superficie** para avaliar a resposta. A exploración ten unha duración aproximada de **20 a 30 minutos**. Durante a proba, recoméndase evitar tragar e tusir para facilitar o traballo do equipo médico, aínda que nalgúns casos pode ser inevitable.

En certos casos, os especialistas poden aplicar **tratamentos complementarios** durante a exploración; o equipo médico informará ao paciente en detalle se fose necesario.

A electromiografía larínxea pode repetirse varias veces para avaliar a evolución do proceso.

2. BENEFICIOS DA ELECTROMIOGRAFÍA LARÍNEXA

A **electromiografía larínxea** achega á/ao médica/o información detallada sobre a funcionalidade dos músculos e a inervación da larinxe.

Esta información é fundamental para o **diagnóstico funcional**, para establecer un **prognóstico** e para planificar un **tratamento axeitado**.

3. POSIBLES RISCOS E EFECTOS SECUNDARIOS

A introdución dos electrodos de agulla pode resultar molesta e, nalgúns casos, dolorosa. Tras a proba, poden aparecer molestias leves ao tragar, que adoitan desaparecer rapidamente. Nalgunhas ocasións, pode aparecer sangue na mucosidade, o cal xeralmente se resolve en poucas horas.

• Riscos máis frecuentes

A introdución de electrodos tipo agulla conleva un **risco mínimo de sangrado local**, que podería ocasionar un pequeno **hematoma** na pel ou nas cordas vocais, especialmente en pacientes que toman **anticoagulantes**. Este hematoma adoita resolverse **espontaneamente** en poucas horas ou días.

Durante ou tras a proba poden presentarse:

- **Disfaxia** (dificultade para tragar)
- **Odinofaxia** (dor ao tragar)
- **Atragoamento**
- **Hemoptise ou hematemese** (presenza de sangue na boca procedente do aparato respiratorio ou dixestivo)



- En casos excepcionais, **disnea leve** (sensación de falta de aire), que xeralmente non require tratamento cirúrxico adicional
- Posible **inflamación do cartilaxe larínxeo (pericondrite)**, que precisará tratamento axeitado
Unha complicación máis grave, aínda que **moi pouco común**, é o **espasmo glótico** que será tratado de inmediato no contorno especializado onde se realiza a proba.

4. OUTRAS ALTERNATIVAS

Actualmente, non existen outros métodos que proporcionen información similar sobre a mobilidade dos músculos larínxeos. Se non se realiza o estudo:

- Non se poderá saber con precisión como funcionan os músculos da larinxe nin os nervios que os controlan.
- O médico podería non identificar correctamente o problema nin escoller o tratamento máis axeitado e, por tanto, a recuperación ou evolución da enfermidade podería ser máis lenta ou incerta.

En xeral, non adoita poñer en perigo a vida de forma inmediata, pero dificulta un diagnóstico exacto e un manexo adecuado da enfermidade.

Se vostede, ou algún familiar desexan maior información, non dubiden en consultar a calquera dos médicos do Servizo.

RISCOS PERSONALIZADOS

Avise se vostede toma anticoagulantes, é portador de marcapasos, desfibrilador cardíaco, neuroestimulador ou estimulador cerebral profundo. Nestes casos procederemos a contactar aos servizos de cardioloxía, neuroloxía, modificacións nas pautas de tratamento, etc., segundo sexa o seu caso.